



COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS
AGRÍCOLAS

A Coruña – Pontevedra

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C
15003 – A CORUÑA
Tef. 981 22 60 27
Fax. 981 22 41 38
colegio@coitagalicia.org

Soportais da Ferrería, 4-2ºD
36002 - PONTEVEDRA
Tef. 986 84 61 17
Fax. 986 84 61 17
delegacionpontevedra@coitagalicia.org

www.coitagalicia.org

*memoria
anual*

2009

Asemblea Xeral Ordinaria
Santiago, 28 de xuño de 2010



MEMORIA DE ACTUACIÓNS 2009

1. – PRESENTACIÓN.

Como tódolos anos por estas datas, cumprindo co disposto polo nosos Estatutos Xerais, e dentro da celebración da preceptiva Asemblea Xeral do 1º semestre, a Xunta de Goberno do Colexio está a responder, coa presente Memoria de Actuacións de 2009, ante vos, os nosos colexiados, da utilización do Orzamento aprobado (Asemblea Xeral Ordinaria de 29 de xuño de 2009), e de en que feitos e actuacións se traduciu esa execución orzamentaria.

Antes de nada aclarar que a tardía aprobación dos Orzamentos de 2009, debeuse á celebración a remates de 2008, na Asemblea Xeral do 2º semestre, do proceso electoral para Presidente do Colexio e da Xunta de Goberno. Así pois, a Xunta de Goberno saínte decidiu que non era conveniente mesturar o proceso electoral co desenvolvemento dunha Asemblea para aprobación presupostaria, cando ademais podía existir a posibilidade, que finalmente non se deu, de que do proceso electoral saíra un Presidente que quedaría comprometido por uns orzamentos nos que él non participara.

Ao tempo que damos cumprimento a esa obriga, esta memoria constitúe a oportunidade que os estatutos nos brindan de reflexionar sobre a nosa actuación como grupo directivo do Colexio; e a todos, vós e nós, sobre a vida e a actividade colexial e valorar “a saúde” da nosa organización.

Tanto o contido desta Memoria, como a información económica que se atopa na conta de Perdas e Ganancias, do noso Balance, xa foron postos ao voso dispor, nos días previos á celebración desta Asemblea Xeral, e indícanos que o Colexio desenvolve un volume de actividade razoablemente axeitado ao seu tamaño, e aos seus medios humanos e materiais, aínda que tampouco cabe dúbida de que pode ser mellorable.

Este ano apreciouse en xeral unha actividade lixeiramente superior, á de anos anteriores, en case tódolos eidos agás no visado de traballos, nese sentido, semella que tamén a vos está a afectarvos a situación xeral, algo que xa se comezara a vislumbrar en 2008, pero que en 2009 apreciouse con maior claridade. Pesa a todo, a actividade colexial segue a incrementarse ano tras ano, na medida na que segue aumentando o número de colexiados e colexiadas.

É un motivo de satisfacción que ese incremento, ademais, se produza de tal xeito que non ven acompañado de aumentos da conflitividade interna, que é practicamente descoñecida; e que en canto á externa (denuncias, informes solicitados polos xulgados, tribunais e administracións, etc.) se ben se incrementa de ano en ano, afortunadamente, o fai a un ritmo inferior ao do número de colexiados e colexiadas, e ao da actividade desenvolvida por estes.



Outro ano máis rematou sen que aínda podamos dar por rematado o asunto da segregación do Colexio de Ourense. Xa o ano pasado se vos informara de que a Sentencia do TSXG ao recurso contencioso-administrativo interposto polo CGCOITAE, fora recorrida en casación por este último. En 2009, a novidade foi que o Tribunal Supremo, lle deu a razón ao CGCOITAE considerando a súa lexitimación para interpor o recurso, e consonte a iso devolveu o asunto ao TSXG, para que entre, por fin, a valora-lo fondo do recurso. Así pois, a historia continua.

Con tantos bandazos, aqueles achegamentos que houbera coa mediación do COITALU e o CGCOITAE, tendentes a achegar posturas para a liquidación da parte económica do asunto, quedaron en nada máis que iso. De calquera xeito, trátase dun asunto no que a nosa intención sempre foi máis chegar a bo fin que rematar de contado. E, por outra banda, o que tampouco se pode negar é que estes achegamentos teñen servido para normalizar tanto as relacións institucionais como as persoais entre os membros de ámbalasduas xuntas de goberno, unha vez que a que propiciou a segregación de Ourense foi renovada.

Como en 2008 e anteriores, ao longo de 2009, a Xunta de Goberno desenvolveu unha actividade semellante e, unha vez máis, renovou o seu empeño en executa-las accións previstas, mantendo directrices de traballo similares. Creemos que ano tras ano seguimos a mellora-la coordinación entrambalasduas sedes, e a colaboración cos colexios de Lugo e Ourense, extremos nos que se están a dar pasos; e ao mesmo tempo, tentamos mellora-la nosa oferta formativa e de servizos. A pesar de todo, neste como noutros eidos aínda temos un importante marxe de mellora.

En 2009, o noso Colexio, tampouco concorreu a Feira Internacional “Semana Verde” de Galicia, como ata 2008 era habitual, en calquera caso non se rexeita a posibilidade de retomar esta senda, novamente, nun futuro próximo.

Para tentar acadar eses obxectivos de mellora antes aludidos, en 2009, grazas a unha subvención da Consellería de Traballo e Benestar, con fondos do FSE, contamos coa presenza de dúas compañeiras, colexiadas, que están a prestarnos unha importante colaboración, como técnicas de apoio, en cada unha das dúas sedes. A subvención cubre todos os gastos xerados polos seus contratos ata agosto de 2010 (9 meses). De momento, isto xa de por si supón un novo fito na vida do Colexio, e puidera acabar sendo un primeiro paso para a instauración da ansiada figura dun Secretario Técnico, se ben de momento non parece que se estea en condicións de afrontar ese reto, toda vez que despois da reforma do EEES, cuxas implicacións para o Colexio aínda están por ver, agora nos atopamos cunha nova distorsión coa trasposición ao noso ordenamento xurídico da Directiva CE de Servizos no Mercado Interior (SIM).

En canto ao sistema de visado dixital, este ano a súa evolución nos levou cara a adopción duns novos certificados dixitais, que tendo un custe semellante aos antigos achegan maiores vantaxes a medio prazo. Trátase dun sistema que xa está totalmente consolidado. A



COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS
A CORUÑA – PONTEVEDRA

finais de ano, remate do cuarto ano de operación do sistema, contabamos con 35 usuarios que visaron 766 traballos (402 en A Coruña e 364 en Pontevedra). Se ben o número de usuarios non se incrementa, si que o está a facer o número de xestións que se fan por este medio.



Cartel disposto, á entrada da sede do Colexio en A Coruña, con motivo da contratación, subvencionada pola Consellería de Traballo, das dúas compañeiras técnicas de apoio.



2.- ACTIVIDADE COLEXIAL.

2.1.- Asembleas Xerais:

Nº: 2 Ordinarias. Non se celebrou ningunha Asemblea Extraordinaria.

Datas: 29 de xuño e 21 de decembro.

Na do 29 de xuño, pese ao seu carácter ordinario, foi cando se aprobaron os orzamentos de 2009, como xa se explicou na introdución, pola celebración de eleccións para Presidente de Colexio e da Xunta de Goberno, e dos restantes membros da Xunta, na Asemblea Xeral de 28 de novembro de 2008. Así pois, os presupostos comezaron o ano prorrogados por acordo da Xunta de Goberno, na súa reunión do 13 de outubro de 2008.

2.2.- Plenos do CGCOITAE:

Nº: 2 Ordinarios e 1 Extraordinario.

Datas: 80º Ordinario (Madrid), 9 de maio.

40º Extraordinario (Madrid), 9 de maio.

81º Ordinario (Valencia), 26 de setembro.

Dentro do 80º Pleno Ordinario, celebráronse eleccións a Presidente do CGCOITAE. O resultado dese proceso electoral foi que segue a ser “o noso Presidente Nacional” D. Emilio Viejo Fraile, que foi reelixido.

Aparte doutras cuestións, máis ou menos candentes, o CGCOITAE, viuse na necesidade de celebrar un Pleno Extraordinario ante as novidades habidas tanto no proceso de adaptación dos estudos universitarios ao EEES (Espazo Europeo de Educación Superior) como no de trasposición ao noso ordenamento xurídico da Directiva Europea SIM (Servizos no Mercado Interior), o que obriga a adaptacións estatutarias.

O 81º Pleno Ordinario viu a coincidir coa celebración do Centenario do Colexio de Valencia e Castellón, e coa celebración, tamén en Valencia do III Congreso Nacional de Enxeñería Técnica Agrícola.

2.3.- Xuntas de Goberno:

Nº: 7

Datas: 16 de febreiro, 30 de marzo, 11 de maio, 18 de xullo, 14 de setembro, 5 de outubro e 9 de novembro.

Ao longo do ano, fora das reunións da Xunta de Goberno, formalmente convocadas, producíronse algunhas outras xuntanzas como a que tódolos anos se celebra para avaliación dos Proxectos Fin de Carreira que se han de premiar nos actos de celebración do San Isidro na EPS de Lugo (28 de maio); ou algunha outra que xurde da coincidencia de membros da Xunta noutros actos e eventos.



Así mesmo, se celebraron 3 reunións da Comisión colaboradora do Delegado de Pontevedra (24 de abril, 15 de outubro e 11 de decembro).

2.4.- Administración: (Datos referidos ás dúas sedes).

- Nº. de rexistros de entrada:	484
- Nº. de rexistros de saída:	391
- Circulares enviadas aos Colexiados e Colexiadas	8
- Comunicacions individuais a Colexiados e Colexiadas	120

Continuamos coa tendencia iniciada hai anos de reduci-lo número de comunicacións xenéricas en papel. Trátase dun compromiso pola racionalización das comunicacións, que non é contradictorio co incremento ano tras ano na actividade Colexial, e que supón unha importante redución no consumo, por outra parte imprescindible, de papel.

Así pois, as grandes comunicacións en papel quedan só para aqueles asuntos nos que se necesita chegar a toda a masa Colexial (Convocatorias de Asemblea, Quendas de actuacións profesionais, traslados de información a Colexiados suxeitos a colaboracións por parte do Colexio (MUNITEC, ITACA, etc.)); mentres o resto das comunicacións se xestionan ao través da páxina web e dunha lista de avisos, para os beneficiarios de contas gratuítas de correo electrónico corporativo (252).

2.5.- Altas e Baixas Colexiais:

▪ Expedientes de ALTAS:	60 (-4,76%)
▪ Expedientes de BAIXAS:	22 (-37,14%)
▪ Colexiados totais:	1033 (+12,90%) (A Coruña 659 (+10,39%) e Pontevedra 374 (+17,61%)).
▪ Colexiados ao corrente de cotas:	909 (+2,36%) (A Coruña 584 (+1,56%) e Pontevedra 325 (+3,83%)).
▪ Colexiados exentos de cota:	16 (-57,89%)
▪ Colexiados con redución de cota:	40 (+73,91%)
▪ Colexiados bloqueados:	124 (+1,64%) (A Coruña 75 (+13,64%) e Pontevedra 49 (+8,89%)).

Como aspecto máis salientable, en canto á evolución da masa Colexial, podemos destacar que neste ano pese a que o número de altas diminuíu lixeiramente, dun xeito máis significativo o fixo o número de baixas, polo que o saldo sigue sendo claramente favorable e nos ten permitido pasar dos 1000 Colexiados totais.

Mantéñense, máis ou menos, os índices de Colexiados ao corrente de cotas e o de Colexiados bloqueados, o que no contexto xeral non semella ser un mal dato.

Obsérvase unha diminución importante no número de Colexiados exentos de cota e un aumento tamén de consideración no número de Colexiados con cota reducida. Isto debeu ser



debido a un mal deseño do filtro no ano pasado, xa que en 2008 estreamos programa de xestión colexial que tivo o seu primeiro ano de funcionamento completo en 2009.

2.6.- Asesoría Xurídica:

A actividade da nosa Asesoría se mantivo a un nivel semellante ao de anos anteriores. Cando a ocasión o require, por tratarse de asuntos que poden ter trascendencia para a profesión a nivel nacional, tamén recabamo-lo asesoramento da Asesoría Xurídica do CGCOITAE, basicamente en temas de atribucións profesionais. Así, as dúas, seguiron a prestárho-los seguintes servizos:

- Actuacións en casos de intrusionas profesionais, mediante o requirimento de informes. Neste eido incluso, se produciu en 2009 unha comparecencia xudicial do Colexio, no xulgado, de Ordes por unha demanda que se interpuxo en 2005; ao final, sufriu un aprazamento ata xaneiro de 2010.
- Informes varios sobre atribucións.
- Reclamacións de honorarios.
- Defensa das actuacións de colexiados e colexiadas.
- Intervencións por denuncias de actuacións profesionais de colexiados e colexiadas.

2.7.- Defensa de atribucións profesionais:

Neste eido, como xa dixemos con anterioridade basicamente nos apoiamos en informes tanto xa empregados con anterioridade, como solicitados oportunamente da Asesoría Xurídica do CGCOITAE. A actividade neste campo foi semellante á de anos anteriores:

- Xestións ante distintos concellos, os presuntos intrusos, e os seus Colexios profesionais, etc., derivadas dos informes do punto anterior.
- Igualmente, xestións ante concellos que cuestionan a nosa competencia para actuar como Coordinadores de Seguridade e Saúde en obras de edificación.
- Informes, xenéricos e específicos, sobre atribucións profesionais dos ITAs, tanto a petición de colexiados e colexiadas como de organismos públicos, notaría, rexistros da propiedade, etc.:
 - Profesorado que podería impartir cursos para certificados de profesionalidade do INEM.
 - Elixibilidade de visado do COIT Topógrafos nun plano para licenza de segregación.
 - Atribucións e réxime de responsabilidade no exercicio dun ITA como Coordinador de Seguridade e Saúde.
 - Argumentos Xurídicos para a inadmisión de proxectos técnicos suscritos por profesionais sen atribucións para os de explotacións agrarias.
 - Atribucións dos ITAs para levantamentos topográficos, en xeral, e en fincas rústicas en particular.



- Remisión de escritos sobre a obrigatoriedade do visado colexial dirixidos a diversos organismos e a compañeiros cuxos traballos, non visados, foron postos en coñecemento da Xunta de Goberno.

2.8.- *Visado de Traballos* (entre paréntese variación respecto a 2008):

Número total de visados:	<u>3134 (-13,74%)</u>
- A Coruña:	1494 (-19,94%)
- Pontevedra:	1640 (-5,58%)

Desagregación:

▪ Proxectos e anteprojectos:	625 (-20,08%)
(AC: 362 (-25,97%) / PO: 263 (-10,23%))	
▪ Certificacións Fin de Obra:	263 (+7,35%)
(AC: 184 (+22,66%) / PO: 79 (-16,84%))	
▪ Medicións e informes:	1115 (-26,55%)
(AC: 450 (-36,17%) / PO: 665 (-18,20%))	
▪ Valoracións:	273 (+35,82%)
(AC: 93 (+34,78%) / PO: 180 (+36,36%))	
▪ Seguridade e Saúde:	468 (-27,89%)
(AC: 305 (-33,33%) / PO: 165 (+16,84%))	
▪ Varios:	390

A categoría Varios inclúe todo o non claramente identificado na desagregación anterior (Estudios de todo tipo, memorias, aproveitamentos de augas, etc.).

Polo sistema de visado dixital se visaron 766 traballos (402+364, en A Coruña e Pontevedra, sen incluír anexos e modificacións). Estes traballos foron visados por 35 colexiados (25 AC e 10 PO). Non se establece comparación con 2008 posto que daquela contabilizáronse tódalas xestións (anexos e modificacións), non só os visados.

2.9.- *Formación:*

A Xunta de Goberno, como en anos anteriores, e así foi contemplado nos Orzamentos de 2009, decidiu dedicar unha parte do presuposto destinado a formación, á dotación de Bolsas por un importe máximo do 50% do custo da matrícula, en cursos organizados/impartidos co respaldo das Universidades, ou outras entidades de recoñecido prestixio, que ademais da formación teñen o engadido do recoñecemento a efectos curriculares da súa carga lectiva. Ademais, este ano se fixo extensiva esta oferta a tódolos cursos da Fundación IDEA.

Así pois, todos os participantes que o solicitaron, finalizaron os cursos e acreditaron o aproveitamento recibiron unha beca por un importe equivalente ao 50% do custe total do curso. En total concedéronse 30 becas, 16 en A Coruña e 14 en Pontevedra.

Esta norma tivo unha salvedade, no mes de xullo, decidiuse non beca-los cursos de Coordinador de Seguridade e Saúde nas obras de construción da Fundación, toda vez que, polo



seu formato on-line, a Consellería de Traballo non o tiña recoñecido a efectos da inscrición (voluntaria) no Rexistro de Coordinadores de Seguridade e Saúde da C. A. de Galicia.

Cursos e Xornadas:

- ✓ A maioría dos cursos ofertados ao longo de 2009 o foron grazas á colaboración coa Fundación IDEA (SUBVENCIONADOS).
 - Práctica Pericial 3ª e 4ª edicións (On-line, mes e medio de duración). 19 colexiados totais.
 - Valoración 1ª e 2ª edicións (On-line, mes e medio de duración). 42 colexiados totais.
 - Xeotécnica básico (Semipresencial 30 horas (20 de prácticas)). 5 colexiados.
 - Xeotécnica avanzado (Semipresencial 50 horas (40 de prácticas)). 1 colexiados.
- ✓ Outros cursos:
 - “Técnicas Básicas de Comunicación Electrónica”. Impartido por AELYS (20 horas presenciais, no CFPO de Santiago de C.). Marzo, 15 asistentes. GRATUITO.
 - “Autocad 3D”. Impartido por José Manuel García López (12 horas, Centro Cultural Caixanova en Pontevedra). Xuño, 13 asistentes. SUBVENCIONADO.
 - Xornada “Introdución ao sistema GPS”. Impartido por ALCYONE (8 horas, Centro Cultural Caixanova en Pontevedra). Xullo. SUBVENCIONADO.

Tamén se ofertaron algúns outros cursos, ao través da web.



Curso de Técnicas Básicas de Comunicación Electrónica (Santiago de C. – Marzo 2009).



2.10.- Fomento do Emprego:

- Canalización de ofertas de traballo á bolsa de emprego: 32 (algunhas delas eran múltiples, e descoñecemos cantas chegaron a se concretar), o que supuxo unha diminución de 6 con relación a 2008, o que semella non ser un mal dato, en termos relativos, dada a situación.
 - AGRONOVO (Entidade de Aconsellamento e Xestión), Técnico de asesoramento.
 - SN-Servicios Normativos Santiago, Técnico de Calidade e Medio Ambiente.
 - NOVOTECNI, 2 Técnicos de Campo, enquisa europea de superficies.
 - FOODSEARCH, ITA Esp. Horto, Xefe de Ventas Produtos Frescos Hortícolas.
 - INTEGRO DE XARDINERÍA, Responsable Centro de Xardinería.
 - VALTECNIC, Taxador externo.
 - PROYESTEGAL, Técnico Área de Fotogrametría.
 - DARZAL (4), Coordinador de Seguridade e Saúde.
 - COGAMI, Docente para Curso de Xardinería.
 - ADVANTAS, 2 ó 3 Técnicos para Inventario de Fincas Rústicas.
 - FOREM GALICIA, Docente para Curso de Topografía Electrónica.
 - PROMO-VERT CORP SERVICES, ITA para realización de ensaios de fitosanitarios.
 - ALFAINSTANT (2), Coordinador de Seguridade e Saúde.
 - VALMESA, Taxador.
 - COMERCIAL DEZA, Técnico Comercial.
 - COHISPANIA, Taxador externo de fincas rústicas.
 - ITACA, ITA Inspector Globalgap.
 - THIRSA, Taxadores.
- De xeito menos evidente, ao través de empresas de RR.HH., tamén se recibiron outras ofertas (5) para: Empresa de Asesoramento (Desenvolvemento Temas de Calidade en empresas gandeiras), Empresa de Formación (Elaboración Documentación Curso de Manexo de Instalacións e Maquinaria en Explotacións Gandeiras), Empresa de Alimentación (ITA, Especialidade en Horto), Sindicato Agrario (Técnico), Empresa (Técnico Agrícola con coñecementos en vacún de leite).
- Mención aparte merece a convocatoria, por parte do Colexio de 2 prazas de ITAs para dinamización da actividade colexial (Técnicos de apoio). Trátase de dous contratos de 9 meses (rematan o 31 de xullo), para os que se recibiron en total 47 currículos (38 directamente no Colexio e os 10 que remitiu o Servizo Galego de Emprego).
- En 2009, non houbo convocatoria de acceso á ITAs da Xunta de Galicia, sen embargo produciuse o final do proceso selectivo que comezara en 2008, e para o que o Colexio organizara a preparación dos supostos prácticos. Sen embargo, tamén se comunicaron oportunamente todas aquelas convocatorias públicas das que se tivo coñecemento. Entroutras:



- 3 Bolsas da Consellería do Medio Rural para Titulados en Especialidades Agrarias (ITAs).
- 3 Prazas de Técnico Ambiental da Xunta.
- 8 Prazas para o Corpo de Diplomados en Meteoroloxía do MARM.
- 7 Prazas para Titulados de Escolas Técnicas para Organismos Autónomos do MARM.
- Traballo realizado a través das Quendas de actuación do Colexio:
 - * Quenda da Consellería de Economía e Facenda: comunicáronsenos 9 (en Pontevedra, non hai datos de A Coruña).
 - * Quendas de actuación para xulgados: aparte da remisión dos listados, para a xestión directa por estes, non temos datos dos nomeamentos realizados polos distintos Xulgados e Tribunais). Foi comunicados só un nomeamento, en Pontevedra. Este ano, como en 2008, tampouco nos foi comunicada ningunha renuncia; consonte a iso tampouco nos foi requirida a adopción de medidas.
 - * Quenda de actuación do Colexio: 13 (en A Coruña, non hai datos de Pontevedra). De todos xeitos, é dificilmente contrastable a súa concreción. Sabemos os nomes propostos pero case nunca chegamos a coñecer quen se queda co traballo.

2.11.- Relación Interna:

- Celebración da Festividade de San Isidro (182 asistentes).



Entrega de premios e distincións na celebración de S. Isidro (Santiago de C. 2009).

- Entrega de distincións a colexiados por visado de traballos, tanto ao que visou máis traballos como ao que lle reportou ao Colexio os maiores ingresos por este concepto (Diego Troncoso Casal e Antonio Pedregal Rodríguez).
- Entrega de distincións aos colexiados autores dos proxectos máis significativos, por cada provincia (Francisco Javier Gómez Lemos e Gabino Grande Toro).
- Homenaxe aos compañeiros xubilados dos que se tivo coñecemento (Benito Gómez Besada e Federico Ventura Chas) e falecidos en 2009 (Óscar Veiga Rodríguez e Julián Díaz del Valle).



- Edición de Axendas Colexiais e das Normas de presentación de Traballos profesionais.
- Xestión e control das quendas de actuación profesional, cuns totais de 244 (170 AC e 74 PO) inscritos en algunha das quendas:
 - * 208 inscritos (134 en AC e 74 en PO) nas quendas da Consellería de Economía e Facenda.
 - * 213 inscritos (170 en AC e 43 en PO) nas quendas de actuacións nos xulgados e Tribunais, entre tódolos partidos xudiciais.
 - * 235 inscritos (162 en AC e 73 en PO) nas quendas de actuación profesional do Colexio.
- Foron tramitadas contas de correo electrónico corporativas gratuítas “XXX@coitagalicia.org” para un total de máis de 252 contas vixentes a finais de ano (+5,88%), e 96 de alta no rexistro da web (varias non aceptadas por non ser colexiados), para un total de 563 usuarios rexistrados (+20,56% respecto a 2008).
- Comunicacóns varias entre sedes en materia de persoal e solicitudes de quendas actuación profesional e outras e tramitación de denuncias de colexiados.

2.12.- Relacións con Outras Institucións:

- **Convenios, acordos e colaboracións:**
 - Coa Semana Verde de Galicia para a realización de actividades como a celebración durante os derradeiros anos de diversos Foros de Debate (en 2009, o Colexio non acudiu) e para a participación do Colexio como membro do Comité Asesor da Feira.
 - Coa Universidade de A Coruña, para a celebración de actividades formativas, e a súa dotación en créditos de carga lectiva.
 - Convenio coa EUET Forestais da Universidade de Vigo.
 - Tramitación ordinaria de altas, baixas, incidencias e incidentes e sinistros, para MUNITEC e Colaboraciones MUNITEC.
 - Relacións institucionais e colaboracións con outros Colexios de España (Habilitacións profesionais, informacións visado dixital, etc.), co Consejo General (Informes e consultas xurídicas, e outras, etc.) e coa Fundación IDEA.
 - Colaboración co Colexio de Lugo e a EPS de Lugo, na organización dos Premios Fin de Carreira e entrega de insignias aos recentemente titulados, no curso 2008/2009, nesta edición correspondeunos a presidencia do Xurado e outorgar os premios nas especialidades de Explotacións Agropecuarias e Hortofruticultura e Xardinería.
 - Colaboración co CGCOITAE e a Fundación IDEA na posta en marcha, e celebración, de diversos cursos.
 - Colaboración co CGCOITAE de cara á mellora e perfeccionamento do novo sistema de cálculo dos dereitos de visado por módulos de traballo realizado/proyectado.



- Colaboración, a nivel institucional, no IV Congreso Nacional de Calidad Alimentaria en Santander, celebrado os días 28, 29 e 30 de outubro.
- Colaboración a nivel institucional e económico no Congreso de Enxeñería Gráfica que organizou a EPS de Lugo.
- Participación nos Plenos e Asembleas da Unión Profesional de Galicia, en Santiago de Compostela.
- Colaboración cos Departamentos Territoriais da Consellería de Facenda na xestión dos listados das quendas para actuacións profesionais en periciais contraditorias, e asistencia aos sorteos anuais.
- Convenio coa Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia para a adquisición, en condicións especiais, da súa Base de Datos de prezos de construción.
- Co BSCH e o Banco Popular, produtos financeiros en condicións especiais.
- Con distintas empresas de subministros de Topografía (PREMEGA, ALCYONE (Venda e aluguer), etc.
- Con empresas hoteleras “Sol Meliá”, “Balneario de Mondariz”, etc..

2.13.- Outras Intervencións:

- Solicitude á Consellería de Traballo e Benestar:
 - ✚ De recoñecemento a efectos de inscrición no Rexistro de Coordinadores de Seguridade e Saúde da Xunta do curso impartido polo Colexio en 2007.
 - ✚ De acreditación como entidade formativa aos efectos da organización de Cursos de Coordinador en materia de Seguridade e Saúde.
 - ✚ De convenio para a utilización permanente do CFPO de Santiago para a celebración dos cursos do punto anterior, e outros.
- Intervencións en actuacións concretas de colexiados.
- Informes a petición de colexiados (atribucións, competencias, etc.).
- Informes solicitados por xulgados con relación a actuacións profesionais de colexiados.
- Informes sobre adecuación de honorarios profesionais solicitados por diversos xulgados.
- Certificacións, e informes varios, a petición dos colexiados (fiscais, actuacións profesionais, traballos, habilitacións, etc.).
- Certificacións a colaboradores-docentes en cursos.
- Tramitacións EURING.
- Cobros de honorarios por mediación.
- Premios San Isidro Fin de Carreira, na EPS, nas especialidades de Explotacións Agropecuarias e Hortofruticultura e Xardinería.
- Entrega de insignias aos ITAs recién titulados, en colaboración co COITA Lugo e a EPS de Lugo.



- Envío de Saúdas do Nadal a tódalas institucións e organizacións relacionadas coa actividade agraria, e medios de comunicación.
- Remisión aos Xulgados e Tribunais dos listados de Colexiados para as súas quendas de actuación profesional.
- Remisión ás Delegacións da Consellería de Economía e Facenda de listados para a quenda de actuacións en Taxacións periciais contraditorias.
- Intervención nas Xornadas de Orientación sobre as titulacións universitarias na Universidade de A Coruña.
- Relacións con entidades privadas e particulares, actuacións en casos de intrusións profesional e información a particulares.
- Diversos ofrecementos de colaboración e invitacións ao Conselleiro do Medio Rural, e a altos cargos da devandita Consellería.

2.14.- Medios de comunicación:

- O 28 de febreiro saíu publicado no xornal “*El Correo Gallego*”, no seu suplemento “*Galicia Natural*” un anuncio a media páxina do Colexio facendo especial fincapé na especialización en traballos de paisaxismo e xardinería.
- No mes de decembro, dentro do Especial do xornal “*El Correo Gallego*” publicouse unha reportaxe sobre a nosa profesión e a nosa organización colexial.

3.- RESUMO DAS ACTIVIDADES.

Estimamos, con tódalas obxeccións que se podan poñer, que á vista de todo o vimos de expoñer, con maio ou menor detaie, das actuacións e xestións levadas a cabo pola Xunta de Goberno do Colexio, e da actividade profesional desenvolta polos nosos Colexiados e Colexiadas, ponse de manifesto que o Colexio mantén un nivel de actividade, cando menos, lixeiramente crecente ano tras ano e que a relación dos Colexiados e Colexiadas co Colexio, tanto na súa participación nas diferentes actividades organizadas, como no visado de traballos, continúa nunha tendencia que se mantén dende hai algúns anos, coas salvedades que a actual conxuntura impón.

Este ano, sen embargo, volveuse a producir unha caída no número de traballos sometidos ao trámite do visado, cunha caída moderada en relación con 2008. Ante este feito, debemos de seguir incidindo na necesidade de cumprir con esta obriga estatutariamente recoñecida; xa que o cumprimento deste trámite mellora a credibilidade dos traballos ante os diferentes organismos e a sociedade, contribúe á mellora da imaxe pública da profesión e aporta ao Colexio uns medios económicos imprescindibles para o mantemento da actividade e a mellora na prestación de servizos.



O visado dixital, incrementouse algo máis que en anos anteriores. Seguimos a apostar por unha maior utilización deste sistema xa que aporta rapidez, e economía, no trámite do visado, así como mellora a imaxe de modernidade dos traballos e da profesión. Pese ás posibilidades de incremento na utilización podemos estar satisfeitos do uso que se fai deste sistema, que segue a ser un referente na organización colexial nacional.

Entre os feitos e acontecementos máis relevantes no ámbito profesional, ao longo do pasado ano, se sinalan os seguintes:

- 1- O primeiro fito destacable do ano o constitúe a publicación no *BOE* (nº.43, de 19 de febrero) de las Ordenes CIN/323/2009 y CIN/325/2009, de 9 de febrero, por las que se establecen los requisitos para la verificación de los títulos universitarios oficiales que habiliten para el ejercicio de las profesión de Ingeniero Técnico Agrícola e Ingeniero Agrónomo. A partir de este momento esperase que as Escolas definan os seus plans de estudos.
- 2- No mes de maio, como tódolos anos, o día 15, celebrámo-la festividade do noso Patrón S. Isidro Labrador, cun programa de actividades semellante ao de anos anteriores e cunha concorrencia récord de 182 comensais.
- 3- Tamén como tódolos anos, o 28 de maio, celebrouse a festividade de S. Isidro na EPS de Lugo, na que o Colexio participou coa entrega de Premios aos mellores Proxectos Fin de Carreira nas Especialidades de Explotacións Agropecuarias e Hortofruticultura e Xardinería, e de insignias a tódolos recién titulados nas convocatorias de xuño, setembro e novembro de 2008 e febreiro e abril de 2009.
- 4- Aproveitando esa ocasión, e a visita a Lugo do Secretario do Consejo General de COITAs de España, para participar como conferenciante nese acto, cunha conferencia sobre a adaptación dos nosos estudos universitarios ao EEEs (Espazo Europeo de Educación Superior), pola súa parte, tamén se procedeu á presentación ao Director da EPS de Lugo das fichas curriculares que, dende a organización colexial nacional, se considera son as máis axeitadas para a definición dos títulos habilitantes para o exercicio da profesión de ITA, e a consecución de capacidades nas distintas especialidades.
- 5- No mes de xuño, o Colexio colaborou económica e institucionalmente, a cambio de condicións vantaxosas para a inscrición dos nosos colexiados, no XXI Congreso Internacional de Ingeniería Gráfica.
- 6- Na Asemblea Xeral celebrada o 29 de xuño se aprobaron os Orzamentos de 2009, a Conta de Perdas e Ganancias de 2008 e foi sancionada a Memoria de Actuacións de 2008.
- 7- A finais de outubro, os días 28, 29 e 30, o Colexio tamén participou, institucionalmente, no IV Congreso Nacional de Calidad Alimentaria, celebrado en Santander, e no que un dos aspectos máis valorados foi a activa participación que



tivo a Consellería do Medio Rural, coa montaxe dun stand de produtos galegos, a organización de dúas catas e un almorzo degustación de alto nivel.

- 8- No BOE de 24 de novembro, saíu publicada a *Ley 17/2009, de 23 de novembro, sobre el libre acceso a las actividades de servizos y su ejercicio* (Lei Paraugas), que traspón ao ordenamento xurídico español a Directiva UE SIM (de Servizos en el Mercado Interior), entrada en vigor o 2 de xaneiro de 2010; que xunto coa *Ley 25/2009, de 22 de diciembre, de modificación de diversas leyes para su adaptación a la Ley sobre el libre acceso a las actividades de servicios y su ejercicio* (BOE de 23 de decembro) (Lei Ómnibus), entrada en vigor o 27 de decembro de 2009, han de ter nun futuro inmediato unha importante repercusión tanto na nosa actividade profesional como na vida colexial, xa que afectan entre outras disposicións:
- a. Modificación de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local.
 - b. Modificación de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.
 - c. Modificación de la Ley 11/2007, de 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos.
 - d. Modificación del Texto Refundido de la Ley General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios y otras leyes complementarias, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2007, de 16 de noviembre.
 - e. Modificación de la Ley 2/1974, de 13 de febrero, sobre Colegios Profesionales.
 - f. Modificación de la Ley 2/2007, de 15 de marzo, de sociedades profesionales.
 - g. Modificación del Real Decreto-Ley 1/1986, de 14 de marzo, de medidas urgentes administrativas, financieras, fiscales y laborales.
 - h. Modificación de la Ley 31/1995, de 8 de noviembre, de Prevención de Riesgos Laborales.
 - i. Modificación de la Ley 38/1999, de 5 de noviembre, de Ordenación de la Edificación.
 - j. Modificación de la Ley 10/1998, de 21 de abril, de Residuos.
 - k. Etc ...

4.- EPÍLOGO

A presente memoria de actuacións cumpre co mandado estatutario de someter á Asemblea Xeral as actuacións levadas a cabo polo Colexio, e a súa Xunta de Goberno, durante o exercicio 2009, para a súa sanción.



Pensamos que queda de manifesto, o esforzo incondicional que tódolos membros da Xunta de Goberno do Colexio, e da Delegación de Pontevedra, fan para que cada día a atención e o servizo que dende o Colexio se presta aos seus membros sexa o mellor; e para que a representación e defensa da profesión e de tódolos integrantes da organización colexial sexa o máis eficaz posible.

É evidente, como xa se manifestou con anterioridade que todo o anterior é mellorable, e diso somos conscientes todos e todas os que nestes momentos témo-la responsabilidade e o compromiso da dirección e administración do Colexio, pero tamén estamos seguros de que iso está condicionado ao voso apoio e colaboración. Así pois, un ano máis, vola demandamos.

Pensade que calquera proposta, iniciativa ou participación vosa na organización de actividades pode ser proveitosa para vos mesmos e para o resto da comunidade colexial. Na medida na que iso sexa así o Colexio irá reflectindo a mellora e o progreso da súa organización.

Neste epílogo á Memoria de 2009, facemos votos para mante-lo noso compromiso de esforzo, honestidade e mellora continua das nosas actuacións, e manifestamos o noso agradecemos a tódolos colexiados e colexiadas en xeral e, especialmente, a aqueles que nos teñen amosado a súa confianza co seu voto, apoiando a nosa reelección, así como aos que teñen estado ao noso dispor para colaborar nas actividades colexiais.

Santiago, 28 de xuño de 2010
A XUNTA DE GOBERNO



ÍNDICE

1. - PRESENTACIÓN.

2.- ACTIVIDADE COLEXIAL.

2.1.- Asembleas Xerais

2.2.- Plenos do CGCOITAE

2.3.- Xuntas de Goberno

2.4.- Administración

2.5.- Altas e Baixas Colexiais

2.6.- Asesoría Xurídica

2.7.- Defensa das atribucións profesionais

2.8.- Visado de Traballos

2.9.- Formación

2.10.- Fomento do Emprego

2.11.- Relación Interna

2.12.- Relacións con Outras Institucións

2.13.- Outras Intervencións

2.14.- Medios de comunicación

3.- RESUMO DAS ACTIVIDADES

4.- EPÍLOGO